

X LIGA GALEGA DE ORIENTACIÓN EN BICICLETA - MTBO

2022

NORMAS ANUAIS FEGADO

(En **vermello**, cambios aprobados na Asemblea Xeral Técnica de 28 de novembro de 2021)

ÍNDICE

1. DENOMINACIÓN.....	2
2. ORGANIZACIÓN	2
3. INSCRICIÓNS	2
4. CATEGORÍAS (ver Anexo 1)	2
5. ENTRENOS EN MAPAS DE COMPETICIÓN	4
6. RANKING DA LIGA GALEGA 2022	4
7. CLASIFICACIÓN INDIVIDUAL.....	6
8. CLASIFICACIÓN DA LIGA DE CLUBS	7
9. PUBLICACIÓN DE RESULTADOS.....	7
10. ENVÍO DE RESULTADOS Á SECCIÓN DE RANKING.....	7
11. XURADO TÉCNICO.....	8
12. SUSPENSIÓN DE PROBAS.....	8
13. RECLAMACIÓNS	9
14. DISPOSICIÓN FINAL.....	9
ANEXO 1. CATEGORÍAS E COTAS 2022.....	10
ANEXO 2. CALENDARIO X LIGA GALEGA DE ORIENTACIÓN EN BICICLETA-MTBO.....	12
ANEXO 3. MARCO NORMATIVO SOBRE AUTORIZACIONES	13
ANEXO 4. MODELO SOLICITUD CERTIFICACIÓN FEDERATIVA.....	16
ANEXO 5. PROTOCOLO FISICOVID FEGADO	17

1. DENOMINACIÓN

X Liga Galega de Orientación en Bicicleta-MTBO, tempada 2022.

2. ORGANIZACIÓN

A organización da Liga Galega de Orientación en bicicleta MTBO estará a cargo da Federación Galega de Orientación (FEGADO). As competicións oficiais federadas serán organizadas pola Federación de forma directa ou mediante adxudicación a calquera entidade deportiva ou persoa física ou xurídica.

3. INSCRICIÓNS

3. 1. As inscricións de deportistas serán realizadas **a través dos clubs** ós que pertencen os corredores, con indicación do nome, apelidos, categoría, e número de licenza federativa. A falla de calquera destes datos fará a inscrición nula.

3. 2. As inscricións de orientadores federados deberanse efectuar **antes do domingo**, ás **23:50** horas, da semana da proba. Máis tarde, o club organizador poderá non aceptalas ou consideralas «con recargo». Como norma xeral, non se admitirán solicitudes de franxa horaria de saída, excepción feita de casos moi xustificados ou de forza maior, sendo debidamente expostos de forma pública.

3. 3. Os deportistas non federados terán que inscribirse obrigatoriamente **antes do domingo**, ás **23:50** horas, da semana da proba. O club organizador xestionará a súa **licenza de proba**, que inclúe o seguro correspondente.

3. 4. Facilitarase a inscrición por parte de tódolos clubs, a aqueles deportistas federados de clubs non FEGADO (facendo constar en todo caso o seu club de pertenza ou o seu carácter independente), e ós non federados que se inicien na orientación.

3. 5. A organización de cada proba, na medida do posible, facilitará antes do día da proba as horas de saída ós clubs, preferiblemente vía web FEGADO.

3. 6. Os responsables da organización das inscricións de cada competición poderán esixir a presentación da licenza a tódolos deportistas co fin de confirmar a axeitada inscrición. En casos especiais, poderá dar fe da corrección dos datos o delegado do club, que terá que estar debidamente acreditado e identificado.

4. CATEGORÍAS (ver Anexo 1)

4. 1. Para facilitar a organización das probas de Liga, así como a elaboración do *ranking*, os participante agruparanse en categorías.

4. 2. O organizador dunha proba pode preparar tantos percorridos como considere oportuno, tendo en conta as seguintes categorías:

Promoción > Calquera idade, individual, orientada a ciclistas, con percorridos de orientación moi sinxelos pero fisicamente esixentes.

Iniciación equipos > categoría por equipos de 2 a 5 persoas, orientada a familias con nenos ou xente non iniciada neste deporte. Categoría non competitiva.

M-15, F-15 > nados en **2007** ou posterior.

M-17, F-17 > nados en **2005** ou **2006**.

M-20, F-20 > nados en **2002, 2003** ou **2004**.

E, F-E > categorías absolutas, sen límite de idade.

M-21, F-21 > sen límite de idade.

M-40, F-40, nados en **1982** ou anteriores.

M-50, F-50, nados en **1972** ou anteriores.

M-60, F-60, nados en **1962** ou anteriores.

Absoluta parellas > 2 deportistas de calquera idade e xénero.

E-bike > de calquera idade e xénero.

4. 2.bis. Elaborarase un *ranking* oficial para cada categoría enriba citada, coa excepción das categorías Promoción e Iniciación equipos, consonte ó disposto no apartado 6. Os técnicos SPORTident utilizarán a denominación oficial das categorías que aparece reflectida no apartado 4.2, respectando estritamente o formato (guións e maiúsculas).

4. 3. Un deportista federado que así o considere, poderá participar nunha categoría inferior á que lle corresponda, considerando fóra de competición **(NC)**. Poderá participar dentro de competición en calquera categoría que lle corresponda, aínda que para o *ranking* galego será de aplicación o contemplado no apartado 6.

4. 4. Os deportistas non federados, independentemente da idade, so poderán inscribirse para participar na categoría de Iniciación, curta ou longa.

4.5 Especificacións categoría Absoluta Parellas.

Esta categoría expónse como concepto de equipo que estará formado por tres corredores como máximo durante toda a tempada. En cada proba, soamente poderán tomar a saída dous deportistas do equipo (a criterio do mesmo), non podendo variar a súa composición durante a celebración das diferentes probas do fin de semana.

Para puntuar no ranking todos os membros deberán ter licenza FEDO da tempada en curso. Os membros teñen que ser do mesmo club.

Terán que dar os nomes dos tres membros a principio da tempada, antes da primeira proba, ó responsable do ranking.

5. ENTRENOS EN MAPAS DE COMPETICIÓN

(Sen contido)

6. RANKING DA LIGA GALEGA 2022

6. 1. Requisitos para que un deportista poda figurar no *ranking*:

- Pertencer a un club de orientación da FEGADO.
- Participar na categoría correspondente á súa idade, ou ben nalgunha de nivel superior.
- Ter licenza federativa en vigor para a tempada 2022.

As puntuacións dun deportista empezarán a ser válidas para o *ranking* da Liga Galega a partir do momento en que cumpra os requisitos anteriores.

6. 2. Probas puntuables:

Para a tempada 2022 hai inicialmente un total de **nove (9)** probas que puntúan para o *ranking*. Cada corredor sumará os puntos dos mellores resultados obtidos, tomando os correspondentes ó 70 por cen do total de probas, redondeando o decimal ó enteiro máis próximo (por tanto, **para 9 probas, puntúan 6 resultados; para 8 probas, 6 resultados; para 7 probas, 5 resultados, para 6 probas, 4 resultados, para 5 probas, 4 resultados; para 4 probas, 3 resultados e para 3 probas, 2 resultados**).

Para a activación da elaboración do ranking, serán necesario que se disputen un mínimo de dúas (2) probas. **Neste caso as dúas probas sumarían os puntos para a elaboración do ranking, non sendo de aplicación a norma do 70 por cento do total de probas.**

6. 3. Sistema de puntuación:

Proba diúrna individual tipo clásica, media ou sprint: Ó vencedor dunha proba, nunha categoría, outorgaráselle a cantidade de 100 puntos. O resto de corredores da categoría puntuarán en función da diferenza de tempos con respecto ó gañador, e en base á seguinte relación:

$$\text{Puntos corredor} = (\text{Tempo gañador} / \text{Tempo corredor}) \times 100$$

O número de puntos obtido será redondeado a número enteiro inferior.

Proba diúrna individual tipo scoring: Ó vencedor da proba, nunha categoría, outorgaráselle 100 puntos para o *ranking*. O resto de corredores da categoría puntuarán en función da diferenza de puntos con respecto ó gañador, e seguindo a seguinte relación:

$$\text{Puntos corredor} = (\text{Puntuación corredor} / \text{Puntuación gañador}) \times 100$$

O número de puntos obtido redondearase a número enteiro inferior. Se a puntuación na proba dun corredor foi inferior a 0, entón para o *ranking* aplicaráselle unha puntuación de 0.

- Os/as deportistas que non rematen axeitadamente unha proba aparecerán nos listados coma “error en tarj” (ERROR).
- Os/as deportistas que tomando parte na proba se retiren deixando 5 ou máis controis sen rexistrar aparecerán nos listados como “abandona” (ABAND).
- Os/as deportistas que foran sancionados polos/as xuíces incumprindo algunha norma aparecerán nos listados como “descualificados” (DESC).
- Os/as deportistas que non se presenten á proba aparecerán nos listados coma “non presentados” (NO SALE). Non recibirán puntuación.
- Os/as participantes que rematen a proba despois dos tempos máximos de carreira aparecerán nos listados como “fora de control” (FC).
- Os participantes fóra de competición (NC) non obterán puntuación algunha para o *ranking*.
- **So se pode puntuar nunha categoría (excepto os participantes na categoría absoluta parellas)**, tanto para o *ranking* individual coma de clubs. Se un corredor participa en varias, ás que poda ter dereito, antes de celebrada a 3ª xornada o seu club deberá notificar ó responsable de *ranking* da FEGADO a categoría na que se incluírá ó corredor. En caso de non facelo, será incluído naquela categoría en que máis teña competido. Serán anuladas nos dous tipos de *ranking* as puntuacións obtidas nas outras categorías en que puidese ter participado.
- Todo participante inscrito que tome a saída recibirá un mínimo de 10 puntos, excepto os descualificados que non recibirán puntos.

6. 4. Probas anuladas:

Unha proba ou categoría será anulada, unha vez celebrada, cando así o decida o Xuíz Controlador de dita proba.

Se unha proba ou categoría é anulada, unha vez que se celebrou, aplicarase ós afectados un factor de corrección. Este factor será igual á media de puntos, de ata os 2 mellores resultados obtidos ó longo das competicións que forman parte da Liga nas que teña participado.

Na confección do *ranking* non se porá límite ó número de probas anuladas para as que se outorga un factor de corrección.

6. 5. Organizadores e xuíz controlador:

Aqueles deportistas federados membros da organización que estiveran implicados en tarefas que lles impidan tomar parte na proba, poderán obter unha puntuación coma organizador nun máximo de dúas, segundo o seguinte:

Aplicaráselle un factor de corrección, ó final da liga, que consistirá en asignar coma puntuación para a proba organizada un total igual á media, do 30% do total de probas da Liga, das súas mellores puntuacións (se ten so o 30% ou menos probas realizadas, será a media de todas; se ten máis do 30%, será a media das mellores). Para a proba organizada aplicarase un mínimo de 50 puntos.

O número máximo de deportistas que poden obter unha puntuación coma organizador (**aparecerá como ORG no ranking**) por proba será de 15. Non se inclúe nesta cota ó Xuíz Controlador (**aparecerá como XC no ranking**), ó que tamén se lle aplicará o mesmo factor, podendo este sumar ata tres probas con factor, das que dúas como máximo como organizador.

Soamente poderán obter unha puntuación, coma organizador de probas de Liga Galega, aqueles deportistas de polo menos 16 anos de idade.

6. 6. Deportistas seleccionados e aspirantes:

Obterán privilexios en factores de puntuación equivalentes aos que obteñen os organizadores aqueles deportistas federados seleccionados ou aspirantes que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Deportistas que non asistan a algunha proba de Liga Galega por estar representando á Selección Nacional nalgunha competición de ámbito nacional ou internacional. A convocatoria debe estar publicada na web oficial ou no seu defecto debe ser comunicada á FEGADO pola estrutura da Dirección Técnica da FEDO.
- b) Deportistas aspirantes a formar parte da Selección Nacional que non asistan a algunha proba de Liga Galega por estar participando en probas de selección puntuables ou concentracións oficiais. A convocatoria debe estar publicada na web oficial ou no seu defecto debe ser comunicada á FEGADO pola estrutura da Dirección Técnica da FEDO.
- c) Deportistas que non asistan a algunha proba de Liga Galega por estar representando á Selección Galega nalgunha competición de ámbito estatal.

Para obter unha puntuación coma seleccionado ou aspirante (**aparecerá como SEL no ranking**), será imprescindible ter participado nun mínimo de dúas probas de Liga Galega. Non se establece ningún límite de número máximo de puntuacións con factor. Non se establece ningún límite de idade.

7. CLASIFICACIÓN INDIVIDUAL

7. 1. Declararase gañador de cada categoría ó deportista que obteña a maior puntuación despois de sumar como máximo os seus mellores resultados nas probas en que teña participado, de acordo co disposto no punto 6.2.

7. 2. En caso de empate seguiranse os seguintes **criterios de desempate**: situarase primeiro aquel corredor que teña maior cantidade de primeiros postos, en caso de que o empate persista miraranse os segundos postos, e así sucesivamente, tendo en conta que nas probas organizadas se lles outorgará unha posición equivalente á mellor das que obtivera correndo (por exemplo, se tivera unha primeira posición, a carreira organizada valería como outra primeira posición). No caso de que continúe o empate, compararanse as clasificacións das probas en que tiveran coincidido e situarase primeiro o que resultou mellor clasificado máis veces (contabilizaranse tódalas probas disputadas,

incluíndo as organizacións).

8. CLASIFICACIÓN DA LIGA DE CLUBS

8. 1. Nunha proba, cada club puntuará o total das sumas das 4 mellores de menores (cadete, xuvenil e *júnior*, en ambos sexos), das 4 mellores de veteranos (A, B e C, en ambos sexos) e das 6 mellores Sénior (Elite e 21, en ambos sexos, tendo en conta que ás puntuacións das categorías 21 aplicaráselles un coeficiente de 0,8), tendo en conta que non poderán puntuar máis de 2 orientadores por categoría, nos grupos de menores e de veteranos, e de 3 orientadores por categoría nas categorías Sénior.

8. 2. A puntuación total de cada club calcularase sumando a de todas as probas que compoñen a Liga Galega 2022. O club que ó finalizar a Liga obteña maior puntuación, será proclamado Campión Absoluto da Liga Galega de Orientación en Bicicleta 2022-MTBO.

9. PUBLICACIÓN DE RESULTADOS

9. 1. Durante a celebración da competición publicaranse os resultados parciais da proba mediante listados. **Habilitarase, na medida do posible, o seguemento online a través de plataformas do tipo liveresultat.orienteeing.se ou similares ~~no tenda de tarxetas~~.**

9. 2. O organizador será responsable de enviar na maior brevidade posible unha copia das clasificacións da competición que organizará a tódolos clubs participantes, con inclusión dos parciais, vía web FEGADO.

9. 3. A sección de *ranking* publicará en cada unha das probas as puntuacións obtidas polos deportistas ata a presente proba.

10. ENVÍO DE RESULTADOS Á SECCIÓN DE RANKING

10. 1. Os organizadores enviarán os resultados ó responsable do *ranking* en formato dixital (csv) xunto a un backup do evento, vía correo-e, e na medida do posible no mesmo día da proba, unha vez redactado o acta polo Xuíz Controlador.

10. 2. Na clasificación figurarán claramente identificados nas súas respectivas categorías os corredores con licenza federativa (competidores e FC), os que teñen licenza de proba dun día (iniciación e FC), e os non presentados, os descualificados e os retirados.

10. 3. Na clasificación incluíranse os seguintes datos dos corredores:

- (A) Categoría en que participou o corredor. Incluirase a distancia, o desnivel e o número de controis do correspondente percorrido.
- (B) Número de orde na clasificación. Deben figurar só os corredores con licenza federativa.
- (C) Os dous apelidos completos.
- (D) O nome.
- (E) O nome do club, ou siglas que o identifiquen.
- (F) O tempo invertido polo corredor en realiza-la carreira, expresado en horas, minutos e segundos.
- (G) O número da súa licenza federativa.
- (H) As observacións que se consideren oportunas.

10. 4. Tamén incluírase unha relación dos membros da organización que obterán a puntuación de organizador segundo se especifica no artigo 6.5.

Os datos remitiranse á responsable do *ranking*:

Nome: Sonia Gómez Naya

Teléfono móbil: 696459544

E-mail: mtbo@fegado.es

Páxina web: <http://fegado.es>

11. XURADO TÉCNICO

(Sen contido)

12. SUSPENSIÓN DE PROBAS

12. 1. O Xuíz Controlador, tras consultar coa organización e coa dirección técnica da FEGADO, poderá suspender total ou parcialmente a celebración dunha proba antes de celebrarse ou nos días anteriores á mesma, sempre que concorran circunstancias que podan poñer en perigo a axeitada celebración da mesma ou a seguridade dos participantes.

12. 2. (Sen contido)

12. 3. No caso de decretarse a suspensión da proba, o organizador porase inmediatamente en contacto cos clubs, quen serán os únicos responsables de difundir a noticia entre os seus deportistas. O organizador propondrá outra data para a celebración da proba que terá que ser aprobada polo órgano competente da FEGADO.

12. 4. No suposto de suspensión o mesmo día de celebrarse a proba, antes de reunirse os participantes na zona de competición procederase coa maior celeridade posible, por parte de organizador, o Xuíz Controlador e os clubs, para evitar ós deportistas desprazamentos innecesarios. Se chegan a reunirse os participantes na zona de competición explicaranse as causas de dita suspensión. Neste caso, os participantes poderán solicitar a devolución das cotas efectivamente abonadas, sempre e cando a causa sexa exclusivamente da organización, aspecto sobre o que

decidirá o Xuíz Controlador.

12. 5. No caso de que non chegue a celebrarse a proba suspendida noutra data posterior, os inscritos terán dereito a que se lles aplique un factor de corrección pola proba suspendida e non celebrada, consonte o disposto na norma 6.4.

13. RECLAMACIÓNS

(Sen contido)

14. DISPOSICIÓN FINAL

(Sen contido)

ANEXO 1. CATEGORÍAS E COTAS 2022

Categorías non oficiais:

Promoción: sen límite de idade.

Iniciación equipos: sen límite de idade.

Categorías oficiais:

M-15, F-15: nados en 2007 ou posterior.

M-17, F-17: nados en 2005 ou 2006.

M-20, F-20: nados en 2002, 2003 ou 2004.

E, F-E: categorías absolutas, sen límite de idade.

M-21, F-21: sen límite de idade.

M-40, F-40: nados en 1982 ou anteriores.

M-50, F-50: nados en 1972 ou anteriores.

M-60, F-60: nados en 1962 ou anteriores.

Absoluta parellas > 2 deportistas de calquera idade e xénero.

E-bike > de calquera idade e xénero.

Cotas de inscrición en probas da Liga Galega de Orientación en Bicicleta-MTBO:

- Federados categorías M/F-20 e inferiores: **7** euros.
- Federados categorías M/F-21 e superiores: **10** euros
- Non Federados, con licenza de proba e participando en Iniciación Curta: **10** euros.
- Non Federados, con licenza de proba e participando en Iniciación Longa: **13** euros.
 - Recargo por inscrición fóra de prazo: **+ 100%** da cota de inscrición correspondente.
 - Reposición de dorsal: **3** euros (recibe FEGADO).
 - Cambio de tarxeta S.I., a pagar polo deportista:
 - Unha vez pechadas as inscricións: **2** euros
 - O día da carreira: **5** euros.

Acordos vixentes para a tempada 2022 (obriga de compensación de gastos por parte da organización aplicando as cuantías e condicións establecidas no convenio de colaboración entre a

Secretaría Xeral para o Deporte e a FEGADO para a realización do programa de promoción e desenvolvemento da modalidade deportiva). Aplicará ás figuras de:

- a) Xuíz Controlador designado por FEGADO:
- b) Técnico SPORident designado por FEGADO (de ser o caso)

Cuantías e condicións máximas. Quilometraxe en vehículo particular (0,19 €/km) | Media manutención 18,70 € | Manutención completa 37,40 € | Aloxamento 65,97 €. Para a xustificación de gastos de aloxamento, peaxes e aparcadoiro será preciso presentar as facturas xustificativas do gasto cos seus correspondentes xustificantes de pagamento.

ANEXO 2. CALENDARIO X LIGA GALEGA DE ORIENTACIÓN EN BICICLETA-MTBO

NÚM.	DATA	ORGANIZADOR	LUGAR	TIPO	OBSERVACIÓNS
1	29/01/2022	Xesta	Pontillón do Castro	Media	
2	20/03/2022	Compás-Trevinca	O Bolo	Longa	
3	07/05/2022	Gallaecia	Ordes	Media	LE CI MTBO
4	07/05/2022	Gallaecia	Ordes	Sprint	LE CI MTBO
5	08/05/2022	Gallaecia	Ordes	Longa	LE CI MTBO
6	14/05/2022	Aromon	Caldas de Reis	Media	CG
7	03/09/2022	Compás	Terra Chá	Longa	CG
8	24/09/2022	Gallaecia	Cedeira	Longa	
9	24/09/2022	Gallaecia	Cariño	Sprint	CG

ANEXO 3. MARCO NORMATIVO SOBRE AUTORIZACIONES

Siempre sobre la base de que el organizador debe contar con el permiso/autorización del titular o dueño, público o privado, del lugar o lugares de desarrollo de cualquiera de nuestras competiciones de orientación, cabría distinguir fundamentalmente las siguientes hipótesis, en relación con espacios sujetos a legislación especial:

I. SI LA PRUEBA EXIGE «COMPETIR EN ESPACIO O TIEMPO» POR «VÍAS Y TERRENOS PÚBLICOS APTOS PARA LA CIRCULACIÓN», SUJETOS A LA «LEGISLACIÓN SOBRE TRÁFICO», ENTONCES PUEDE SUCEDER:

a) Que la prueba se celebre íntegramente en casco urbano, en cuyo caso:

- Hay que recabar la autorización del Ayuntamiento en cuestión, solicitada con 30 días de antelación, de acuerdo con lo que dispone el Anexo II del Reglamento General de Circulación, aprobado por Decreto 1428/2003, de 21 noviembre.
- La solicitud debe acompañarse del «permiso de organización expedido por la federación» y de una «memoria de la prueba».
- A su vez, esta «memoria de la prueba» debe incluir el contenido a que se refiere el propio Anexo II [más en concreto, su artículo 2, apartado 3, apartado b)].

b) Que la prueba se celebre fuera de casco urbano, utilizando vías y terrenos públicos aptos para la circulación, o que se desarrolle en más de un término municipal, íntegramente situados dentro de nuestra comunidad autónoma, en cuyo caso:

- Hay que recabar la autorización de la Administración autonómica, solicitada con 30 días de antelación, de acuerdo con lo que dispone el Anexo II del Reglamento General de Circulación, aprobado por Decreto 1428/2003, de 21 noviembre y siguiendo las disposiciones del Decreto 98/2020 del 2 de julio, por el que se regula el procedimiento de autorización de celebración de espectáculos públicos y actividades recreativas que se desarrollen en más de un término municipal de la Comunidad Autónoma de Galicia.

Decreto 98/2020 [\[consultar\]](#)

Formulario de solicitud [\[descargar\]](#)

- Como en el caso de la letra a), la solicitud debe acompañarse del «permiso de organización expedido por la federación» y de una «memoria de la prueba».
- Igualmente, esta «memoria de la prueba» debe incluir el contenido a que se refiere el propio Anexo II [más en concreto, su artículo 2, apartado 3, apartado b)].

II. SI LA PRUEBA EXIGE COMPETIR, TOTAL O PARCIALMENTE, EN «ZONAS DE ESPECIAL CONSERVACIÓN», TAL COMO DELIMITADAS EN EL DECRETO AUTÓNOMICO DE GALICIA 37/2014, DE 27 MARZO, ENTONCES:

- Además de lo indicado en el apartado I, debe recabarse la autorización del órgano competente en materia de conservación de la naturaleza.
- Las «zonas de especial conservación» aparecen delimitadas en el Anexo I del citado Decreto 37/2014.

- La autorización aparece exigida por el artículo 61 (en conexión con el artículo 26) del Anexo II del propio Decreto 37/2014, y más en concreto la letra f) de su apartado 3, teniendo en cuenta que la Administración autonómica dispone de un plazo máximo de tres meses para resolver.

III. SI LA PRUEBA EXIGE COMPETIR, TOTAL O PARCIALMENTE, EN MONTES O TERRENOS FORESTALES (TAL COMO DEFINIDOS EN LA LEY AUTONÓMICA 7/2012, DE 28 JUNIO, DE MONTES DE GALICIA), ENTONCES:

a) Sobre la base del concepto de «monte o terreno forestal» (contenido en el artículo 2 de la Ley 7/2012), debe recabarse «la autorización de la Administración forestal», teniendo en cuenta que previamente habrá que contar con la «autorización expresa del titular» (artículo 88, apartado 2, párrafo primero, de la Ley).

b) La solicitud de la autorización administrativa está sujeta a plazo, pues debe presentar con un anticipo «mínimo de tres meses» a la celebración de la prueba (artículo 88, apartado 2, párrafo segundo, de la Ley).

c) Deben tenerse en cuenta, además, las previsiones contra incendios, contenidas en la Ley autonómica 3/2007, de 9 abril, de prevención y defensa contra los incendios forestales, y más en concreto, las de sus artículos 31 y 32 [en especial, su apartado 1, letra i)], a cuyo tenor:

- Tanto en «época de peligro alto de incendios forestales», como «fuera de la época de peligro alto», si el «riesgo diario de incendio forestal es muy alto o extremo» (según el «Índice de Riesgo Diario de Incendio», en http://mediorural.xunta.gal/nc/areas/forestal/incendios_forestais/irdi/), es necesario autorización expresa de la propia Administración forestal.
- Tal autorización se suma a la referida en la letra b), inmediatamente anterior.
- En cuanto al plazo para recabar la autorización, dado que la clave es el «IRDI» (de carácter «diario»), no queda más remedio que estar permanentemente alerta.

IV. SI LA PRUEBA EXIGE LA NAVEGACIÓN EN «AGUAS MARÍTIMAS» (Y EN AGUAS DE PUERTOS), ENTONCES:

a) Ante todo, hay que estar a la definición legal de «aguas marítimas» (contenida en el Reglamento de las condiciones de seguridad marítima, de la navegación y de la vida humana en la mar aplicables a las concentraciones náuticas de carácter conmemorativo y pruebas náutico-deportivas, aprobado por Real Decreto 62/2008, de 25 enero), teniendo en cuenta que dicha definición incluye:

- «las aguas de las desembocaduras de los ríos».
- las aguas de los ríos «hasta donde se hagan sensibles los efectos de las mareas».
- «los tramos navegables de los ríos hasta donde existan puertos de interés general»

b) En relación con las pruebas desarrolladas, total o parcialmente, en tales «aguas marítimas», debe practicarse solicitud de autorización ante la capitanía marítima competente, al menos con treinta días de antelación, cumpliendo los requisitos a que se refiere el artículo 11 del citado Real Decreto 62/2008.

c) Esta autorización no exime de la obtención de otras posibles autorizaciones necesarias, pues el propio Real Decreto 62/2008 (ahora, su artículo 7, apartado 6) obliga a «solicitar y obtener las autorizaciones adicionales de otras instituciones o de las administraciones públicas que fueran precisas para la celebración del evento».

d) A tal efecto, el artículo 15 del mismo Real Decreto 62/2008 alude expresamente a un caso de autorización adicional, que es la que debe recabarse de la «autoridad portuaria competente» (cuando «la prueba se ha de celebrar en aguas de la zona de servicio de un puerto»), teniendo en cuenta que esta autorización es previa a la de la capitanía marítima (pues «la entidad organizadora adjuntará a su solicitud ante la capitanía marítima la autorización [de la autoridad portuaria]»), lo que obliga a manejar con prudencia los plazos, pues la autoridad portuaria tiene dispone de hasta tres meses para pronunciarse sobre la solicitud.

e) Lógicamente, habrá que recabarse también —en su caso— la autorización a que se refiere el apartado siguiente.

V. SI LA PRUEBA EXIGE LA UTILIZACIÓN DEL DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO (SEÑALADAMENTE, NAVEGACIÓN FLUVIAL, EN EMBALSES O PANTANOS), ENTONCES:

a) Debe recabarse el visto bueno del organismo competente en la materia de dominio público hidráulico, que puede ser alguno de los dos siguientes, en función del lugar de que se trate.

b) De un lado, la Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa (<http://mapas.xunta.gal/visores/dhgc/>), en cuyo caso bastará en principio con presentar una declaración responsable de la competición que se pretende llevar a cabo, con quince días de antelación, ante la entidad pública Augas de Galicia, teniendo en cuenta que ésta pone un modelo de declaración responsable a disposición del interesado [[descargar modelo Declaración Responsable](#)].

— Según el artículo 85, letra i), de la Ley autonómica 9/2010, de 4 noviembre, de aguas de Galicia, constituye infracción leve de la misma (sancionable con multa, en principio, de hasta 5.000,00 €) «la no presentación de declaración responsable para la navegación en aguas de competencia de la Administración hidráulica de Galicia».

c) De otro lado, la Confederación Hidrográfica Miño-Sil (<https://www.chminosil.es/es/>), ante quien debe practicarse la correspondiente declaración responsable, de conformidad con el artículo 51 del texto refundido de la Ley de aguas, aprobado por Real Decreto Legislativo 1/2001, de 20 julio

— El organismo rector pone los impresos correspondientes a disposición del interesado (<https://www.chminosil.es/images/impresos/Declaracion-responsable-MinoSil-2018.pdf>).

ANEXO 4. MODELO SOLICITUD CERTIFICACIÓN FEDERATIVA

Alberto Arufe Varela, en representación del club AD APA Liceo de A Coruña,

EXPONE:

- 1.-Que el citado club solicitó la inclusión en el calendario oficial de la Federación Gallega de Orientación de una prueba organizada por el mismo, para formar parte de la XXVIII Liga Gallega de Orientación a Pie 2019.
- 2.-Que la Federación Gallega de Orientación, en la reunión de su Asamblea General de 22 diciembre 2019, aprobó la inclusión de dicha prueba en su calendario oficial, y la adjudicación de la organización al club solicitante de dicha prueba, a celebrarse en lugar y día indicados a continuación.
- 3.-Que la prueba en cuestión tendrá lugar en el área cartografiada del Barrio de las Flores de A Coruña, en la mañana del día 16 febrero, en horario aproximado de 10:00 a 14:00 horas, con la denominación V Memorial Pachi Arufe.

DECLARA:

- 1.-Que el club organizador ajusta la prueba a la reglamentación deportiva vigente en el seno de la Federación Gallega de Orientación, con inclusión de la observancia de los protocolos federativos COVID-19.
- 2.-Que el club organizador conoce sus obligaciones relativas a las autorizaciones sobre dominio privado, así como las concernientes a las autorizaciones administrativas pertinentes, en especial las derivadas (en lo que resulte aplicable) de la legislación vigente sobre tráfico, sobre zonas de especial conservación, sobre montes o terrenos forestales, sobre pruebas náutico-deportivas en aguas marítimas y sobre dominio público hidráulico.
- 3.-Que el club organizador conoce que forma parte de sus obligaciones realizar todos los trámites conducentes a la obtención de las autorizaciones en cuestión, así como cumplir los protocolos federativos COVID-19, para asegurarse de que la competición se pueda celebrar con garantías, con la cobertura federativa, informando puntualmente al respecto a la Federación.

SOLICITA:

Que se expida certificación federativa de adjudicación de organización de prueba oficial, en relación con la arriba identificada, haciendo constar que la misma se encuentra incluida en el calendario oficial de la Federación, en especial a los efectos de continuar la tramitación de otras autorizaciones pertinentes, de conformidad con la legislación vigente.

A Coruña, a 30 de noviembre de 2018 Fdo.: Alberto Arufe Varela

ANEXO 5. PROTOCOLO FISICOVID FEGADO

PROTOCOLO FISICOVID FEGADO de actuación para o retorno aos adestramentos e competicións federadas de ámbito autonómico.

Marco xurídico para o retorno á organización de adestramentos e competicións oficiais en Galicia. En cumprimento do convenio da resolución do 12 de xuño de 2020 da Consellería de Sanidade, pola que se da publicidade ao acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020 e seguintes, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara unha nova normalidade, a FEGADO a través da súa Xunta Directiva segundo o traballo coordinado pola Dirección Técnica redactan o seguinte protocolo, para volver á organización de adestramentos e competicións oficiais en Galicia.

Obrigado cumprimento. A integración do PROTOCOLO FISICOVID FEGADO como ANEXO 5 das Normas Anuais de FEGADO, confírelle o carácter de normativa de '*obrigado cumprimento para todos os competidores, delegados y outras persoas relacionadas coa organización o en contacto cos competidores*'.

Onde se pode consultar. Para a súa aplicación ha de contar coa aprobación expresa da Secretaría Xeral para o Deporte, que poderá ser total ou parcial. Unha vez validado, o PROTOCOLO FISICOVID FEGADO e as súas sucesivas actualizacións:

- Serán de obrigada observancia para todos os estamentos federativos.
- Deberán estar publicadas na web FEGADO, na sección TRANSPARENCIA, dentro do apartado COVID-19 [[ver PROTOCOLO FISICOVID Fegado](#)].

Estrutura. Consta dos seguintes bloques de información:

1º BLOQUE DE TEXTO. Capítulos 1 a 6. Son un primeiro bloque de texto que se corresponden cunha copia-espello do PROTOCOLO FISICOVID-DXTGALEGO básico de referencia común para todos os deportes segundo o redactado pola Secretaría Xeral para o deporte.

2º BLOQUE DE TEXTO. Capítulo 7 e 8. Introducción e puntos críticos do PROTOCOLO FISICOVID FEGADO.

3º BLOQUE DE TEXTO. Capítulo 9 a 11. *Checklist* para deportistas, acompañantes e organizadores.

4º INFOGRAFÍAS. Guías de aplicación do protocolo FISICOVID FEGADO

- Na competición Orientación a Pé en bosque | urbana
- Na competición Orientación en BTT | MTBO

- Na competición Raid de Orientación
- Na competición Orientación de precisión TRAIL-O

5º ANEXOS

ANEXO I. Declaración responsable de deportistas

ANEXO II. Requisitos de Admisión

ANEXO III. Declaración Responsable de club

ANEXO IV. Formulario de Información de competicións federadas celebradas en Galicia

6º TÁBOAS adxuntas ao protocolo. A información que serve de base á redacción do documento recóllese nunha serie de táboas, unha por cada especialidade. Cada unha delas identifica situacións de risco e propón medidas para reduci-lo para os momentos antes, durante e despois da actividade deportiva.

I. Orientación a pé en bosque

I.1. ADESTRAMENTO

I.1.1. Staff propio |

I.1.2. Deportistas

I.1.3. Outros alleos

I.2. COMPETICIÓN

I.2.1. Staff propio

I.2.2. Deportistas

I.2.3. Outros alleos

II. Orientación a pé urbana

II.1. ADESTRAMENTO

II.1.1. Staff propio

II.1.2. Deportistas

II.1.3. Outros alleos

II.2. COMPETICIÓN

II.2.1. Staff propio

II.2.2. Deportistas

II.2.3. Outros alleos

III. Raid de orientación

III.1. ADESTRAMENTO

III.1.1. Staff propio

III.1.2. Deportistas

III.1.3. Outros alleos

III.2. COMPETICIÓN

III.2.1. Staff propio

III.2.2. Deportistas

III.2.3. Outros alleos

IV. Orientación en BTT (MTBO)

IV.1. ADESTRAMENTO

IV.1.1. Staff propio

IV.1.2. Deportistas

IV.1.3. Outros alleos

IV.2. COMPETICIÓN

IV.2.1. Staff propio

IV.2.2. Deportistas

IV.2.3. Outros alleos

V. Orientación de precisión (TRAIL-O)

v.1. ADESTRAMENTO

V.1.1. Staff propio

V.1.2. Deportistas

V.1.3. Outros alleos

v.2. COMPETICIÓN

V.2.1. Staff propio

V.2.2. Deportistas

V.2.3. Outros alleos